



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

ANUNCIO

APROBACIÓN DO RÉXIME DE PERIODICIDADE DAS SESIÓNS PLENARIAS.

Expte. TEDEC: 2023/G010/000008 (Pleno).

Expte. TEDEC: 2023/G005/000001 (Xestión de Integrantes).

Mediante acordo plenario de data 12 de xullo de 2023 aprobouse o réxime de periodicidade das sesións plenarias, que deseguido se transcribe a efectos da súa publicación:

"1. Aprobación, se procede, do réxime de periodicidade das sesións plenarias.

Asunto: Aprobación do réxime de periodicidade das sesións plenarias.

Expte. TEDEC: 2022/X999/000076 (Elect.).

Expte. TEDEC: 2023/G006/000104 (Proposta).

Expte. TEDEC: 2023/G010/000008 (Pleno).

Visto o réxime xurídico previsto nos artigos 46.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e 210.2.a) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Visto que o Concello da Baña conta cunha poboación, segundo o recollido nos datos emitidos pola oficina do padrón de habitantes en data 10 de xullo de 2022, de 3.322 habitantes.

Visto que segundo os artigos anteriormente referidos e tendo en conta o número de habitantes, a periodicidade establecida é de, como mínimo, unha sesión plenaria ordinaria cada tres meses.

Visto que é vontade do equipo de Goberno establecer unha periodicidade dunha sesión ordinaria cada dous meses, para a xestión eficaz dos asuntos municipais de competencia plenaria.

Visto que é vontade do equipo de goberno que as sesións plenarias ordinarias teñen lugar no salón de plenos municipal os últimos mércores dos meses impares a partires das 20:30h. No caso de ser festivo trasladaríase ó mércores seguinte. O primeiro pleno ordinario do mandato 2023/2027 terá lugar o vindeiro mércores 27 de setembro.

Visto que é costume no Concello da Baña que o Alcalde, previa consulta ós portavoces dos grupos políticos, poida acordar, con carácter extraordinario e por razóns de oportunidade e economía administrativa, desprazar a data de celebración cinco días antes ou despois da data prestablecida.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Visto que a asistencia ás sesións plenarias dará dereito ó cobro de dietas por asistencia. A súa contía determinarase polo Pleno da Corporación no seo das bases de execución do orzamento de cada exercicio, porén, fíxanse na contía de 75€ por concelleiro/a e sesión, coas limitacións que o ordenamento xurídico estableza.

En virtude do disposto nos artigos 98 e ss. do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, mediante o que se aproba o Regulamento de organización e, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, este Pleno acorda, por unanimidade o seguinte:

Primeiro: Aprobar o réxime de periodicidade das sesións plenarias ordinarias do Concello da Baña, cunha sesión ordinaria cada dous meses e que terán lugar no salón de plenos municipal os últimos mércores dos meses impares a partires das 20:30h. No caso de ser festivo trasladaríase ó mércores seguinte. Previa consulta ós portavoces dos grupos políticos, o Alcalde poderá acordar, con carácter extraordinario e por razóns de oportunidade e economía administrativa, desprazar a data de celebración cinco días antes ou despois da data preestablecida.

Segundo. O primeiro pleno ordinario do mandato 2023/2027 terá lugar o vindeiro mércores 27 de setembro de 2023 ás 20:30h.

Terceiro. Determinar que a asistencia ás sesións plenarias dará dereito ó cobro de dietas por asistencia. A súa contía determinarase polo Pleno da Corporación no seo das bases de execución do orzamento de cada exercicio, porén, fíxanse na contía de 75€ por concelleiro/a e sesión, coas limitacións que o ordenamento xurídico estableza.

Cuarto. Se lle de traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación así como a aqueles terceiros interesados que obren no expediente. ”

Na Baña, a 21 de xullo de 2023.

O Alcalde,

don Jose Antonio Pereira Gil.